



Non sexas cómplice e
**racha co
odio!**





Pois atende! Porque imos recoller unha listaxe de situacións que son violencias LGTBfóbicas para ser quen de detectalas (en ti, no teu centro, na túa contorna) e non deixalas pasar.

- Burlas e imitacións dirixidas a ridiculizar a unha persoa pola súa forma de falar, vestirse, comportarse, polo seu aspecto físico... **xa hai que ser ruín!** 💔
- Criticar, corrixir, reprochar, desaprobar ou censurar condutas e emocións que non se adecúan ás expresións de xénero normativas. **Que é exactamente o que molesta?** 😞
- Retirarlle a palabra ou deixar de relacionarse cunha persoa á que están acosando porque “buscouno por ser ou comportarse así” ou por “medo a que a min tamén me metan no saco”. **Sálvese quen poida non é unha solución!** 😞
- Dicirlle a unha persoa que se comporte de acordo ás normas de xénero: ‘fala como un home’, ‘iso é cousa de nenas’, ‘este xogo non é para nenas’, ‘os nenos non choran’ etc. **Haiche quen traballa no exército do xénero!** 🗡️
- Falar despectivamente sobre a orientación sexual, a identidade ou expresión de xénero dunha persoa. ❌

- Dicar que a homosexualidade, a bisexualidade ou as realidades trans son unha enfermidade. **O odio si que envelena o corpo!** 😞
- Invisibilizar a propósito a pertenza ao colectivo LGTBQIA+ de figuras históricas ou referentes no seu campo de estudo. **Seica hai quen pensa que ocultar a diversidade vai facer que desapareza!** 🙄
- Aprobar de forma activa (con sorrisos, xestos de aprobación etc.) ou pasiva (cun silencio) os insultos ou outras agresións LGTBfóbicas. **Non sexas cómplice!** 🙏
- Non respectar o cambio de nome ou os pronomes cos que se identifica unha persoa trans. **Por que molesta o cambio?** 😞
- Ser consciente dunha situación de acoso por LGTBfobia e non poñela en coñecemento. **Se non fas nada, estás do lado de quen agride.** 🗨️
- Pintadas no encerado, baños ou outros espazos que aluden á orientación sexual, identidade ou expresión de xénero en termos despectivos. 😞

E, inxustamente, moitas situacións máis.

